

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO  
CURSO: 6º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA  
DATA: 12 – 5 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. ESTÁNDARES APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES: ÁREA LINGUA GALEGA E LITERATURA – 6ºEP

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.  LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.  LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.
B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.  LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.
B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.	LGB1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación.
B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.

<p>B1.12. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p>	<p>LGB1.12.1. Usa unha linguaxe non sexista.</p> <p>LGB1.12.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.</p>
<p>B1.13. Recoñecer e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega.</p>	<p>LGB1.13.1. Recoñece textos orais pertencentes a diferentes variedades da lingua galega.</p> <p>LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora.</p>
<p>B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.</p>	<p>LGB1.14.1. Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral: sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...</p> <p>LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>
<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.</p>	<p>LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).</p> <p>LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.</p> <p>LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión.</p>

	LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.	<p>LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto.</p> <p>LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.</p> <p>LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto.</p>
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	<p>LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.</p> <p>LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.</p> <p>LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.</p>
B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para	<p>LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.</p> <p>LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.</p>

<p>que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.</p>	<p>LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.</p> <p>LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...</p>
<p>B2.9. Ter interese por ter unha biblioteca propia, física ou virtual.</p>	<p>LGB2.9.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros físicos e/ou virtuais.</p>
<p>B2.10. Aмосar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.</p>	<p>LGB2.10.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.</p>
<p>B2.12. Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.</p>	<p>LGB2.12.1. Percibe as diferenzas lingüísticas presentes nas variedades da lingua galega.</p> <p>LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.</p>
<p>B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p>	<p>LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais.</p> <p>LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.</p>

	<p>LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto.</p> <p>LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.</p> <p>LGB3.1.5. Revisa e reescribe o texto cando é preciso.</p>
<p>B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación</p>	<p>LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...</p> <p>LGB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos.</p> <p>LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.</p> <p>LGB3.2.5. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.</p>
<p>B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p>	<p>LGB3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...</p>
<p>B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.</p>	<p>LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas,</p>

	<p>cancións, anécdotas...</p> <p>LGB3.4.2. Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.</p> <p>LGB3.4.3. Aprecia os usos creativos da linguaxe.</p>
<p>B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.</p>	<p>LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.</p> <p>LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.</p> <p>LGB3.5.3. Utiliza correctores de textos.</p> <p>LGB3.5.4. Utiliza as TIC para realizar presentacións.</p>
<p>B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.</p>	<p>LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.</p> <p>LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p>
<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.</p> <p>LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.</p> <p>LGB4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado:</p>



	<p>declarativo, interrogativo, exclamativo e imperativo.</p> <p>LGB4.1.5. Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.</p>
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	<p>LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.</p> <p>LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.</p> <p>LGB4.3.3. Respecta as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.</p>
B4.4. Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.	LGB4.4.1. Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...
B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.	<p>LGB4.5.1. Identifica, en oracións, o papel semántico do suxeito...</p> <p>LGB4.5.2. Transforma oracións activas en pasiva, e viceversa.</p>
B4.9. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos	LGB4.9.1. Recoñece e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.

<p>comunicativos na lingua galega.</p>	<p>LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.</p>
<p>B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p>	<p>LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p> <p>LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p>
<p>B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.</p>
<p>B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.</p>	<p>LGB5.7.2. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.</p>

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b></p> <p>Ao fin de dar resposta tanto ás características do noso alumnado como a situación excepcional que estamos a vivir, os procedementos de avaliación estarán adecuados ás adaptacións metodolóxicas que se realizarán durante a 3ª avaliación. Atenderase ao carácter continuo, global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este trimestre, sempre que iso favoreza ao alumnado. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades do cambio de metodoloxía.</p> <p>Os procedementos de avaliación serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Realización das actividades propostas na páxina web do centro, nos blogs das aulas, videoconferencias.</li><li>- Revisión dos traballos propostos durante o 3º trimestre.</li></ul>
	<p><b>INSTRUMENTOS :</b></p> <p>Realizarase a través da:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Observación do traballo diario que os alumnos/as envían de volta para que o profesorado constate o seu traballo. Tamén interese mostrado polo alumnado.</li><li>- Actividades, fichas e cuestionarios preparados polo profesorado con contidos de repaso, reforzo, e no caso necesario de ampliación.</li><li>- Actividades dos libros de texto do alumnado.</li><li>- Rexistro individual, anecdotario...</li></ul>
<b>CUALIFICACIÓN FINAL</b>	<p>Para a cualificación final (ordinaria) terase en conta a nota dos dous primeiros trimestres presenciais. O terceiro trimestre serve para subir a nota, pero nunca para baixala.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- 1º avaliación: 40%</li><li>- 2º avaliación: 40%</li><li>- 3º avaliación: 20% polo esforzo, interese, participación e realización das tarefas propostas... atendendo e tendo en conta as posibilidades e medios de conectividade do alumnado.</li></ul> <p>Aquel alumnado que non acade os mínimos na primeira e na segunda avaliación, deberá permanecer un ano máis no nivel.</p>

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

<b>ACTIVIDADES</b>	<p>Tanto os contidos como as actividades plantexadas terán un carácter de repaso e reforzo, e de consolidación das aprendizaxes adquiridas, así como de ampliación naquelas competencias e aprendizaxes que se consideren necesarios e imprescindibles traballar neste tempo. É dicir, reforzaremos avanzando.</p> <p>A realización das actividades será altamente recomendable e necesaria para non desvincularse do hábito de estudio e de traballo durante este tempo de confinamento, e garantir así unha óptima reincorporación á vida escolar e académica, e garantir así unha óptima reincorporación á vida escolar e académica do noso alumnado. A realización das tarefas tamén fomentará a comunicación entre o alumnado e o profesorado. Para iso, o profesorado establecerá os medios oportunos para que haxa unha retroalimentación das tarefas enviadas ao alumnado, coa súa correspondente valoración (correo electrónico, blogs de aula, fotografías, escaneado...). A realización das actividades pasarán a ser avaliadas de xeito positivo para este 3º trimestre.</p>
<b>METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)</b>	<p>Debido a nova situación de aprendizaxe que vivimos durante o estado de alarma provocado pola crise sanitaria actual, a nosa metodoloxía de traballo tamén ten que sufrir modificacións e adaptacións, e se fai necesario facer explícitos os nosos principios metodolóxicos e que deben enmarcar esta nova acción pedagóxica tan inusual e especial. Isto implica que o noso deber e responsabilidade será favorecer, na medida das nosas posibilidades, o desenvolvemento das tarefas en condicións que promovan o benestar emocional tanto do alumnado como das súas familias. Sabemos que tanto o profesorado como o alumnado e familias non estábamos preparados para estas excepcionais circunstancias, e que nos estamos adaptando o mellor que podemos e sabemos, sempre coa prioridade de acompañar e estar para o noso alumando.</p> <p>Por iso, ao ter que plantexar o noso traballo na distancia e con medios tecnolóxicos imos plantexar unha aprendizaxe máis significativa e motivadora, poñendo unha especial atención nun trato máis individualizado se cabe.</p> <p>Na medida das posibilidades, se empregarán recursos TICs. Cada titor/a artellará os medios electrónicos que iso supoña (AbalarMóbil, correo electrónico, blogs de aula, videochamadas... ).</p>

	<p>Unha minoría do alumnado ten dificultade de conexión, ou ben por falta de medios ou porque os que teñen son insuficientes. Para iso, e a través dos concellos de incidencia do centro (San Cibrao das Viñas, Taboadela e Paderne de Allariz) se lles fotocopian e imprimen materiais, se lles ofertou un punto wifi, nalgún caso en concreto se lle ofreceu un ordenador ou Tablet, e se lles fan chegar os seus libros de texto nun reparto do concello as súas casas. Tamén o centro ofertou tarxetas de conexión a alumnado dos cursos superiores, para facilitar o acceso a internet naquel alumnado que está facendo aproveitamento dos materiais que se lle envían e que non ten unha ampla posibilidade de conexión.</p>
<p><b>MATERIAIS E RECURSOS</b></p>	<p>Tanto os materiais como as actividades axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades de cada alumno/a, ben por dificultade de conexión ou por dificultades de aproveitamento xa que ao non ser unha ensinanza presencial aquel alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe pode ter máis limitada a súa aprendizaxe.</p> <p>A organización dos tempos tamén será máis flexible, xa que ao facer unha ensinanza a distancia non é posible nin seguir o mesmo horario que temos establecido no centro, nin coa mesma duración, por iso os tempos virán marcados tanto pola dispoñibilidade de conexión do alumnado e das súas familias como do profesorado, como polo propio ritmo de aprendizaxe. Enviaranse tarefas de traballo unha vez na semana e distribuiranse as videochamadas entre o alumnado e o docente ao longo tamén da semana, facendo grupos máis pequenos de conexión e traballo, ou incluso individuais. O grupo pequeno de traballo en rede é ideal para favorecer a interacción cooperativa, onde todos poidan participar.</p> <p>Organizaranse os contidos tendendo cara un enfoque globalizador, con situacións globais de comunicación e resolución de cuestións de todo tipo, superando desafíos, facendo pequenas investigacións..., tendo en conta e admitindo as diferentes casuísticas persoais e familiares.</p>

#### 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b>	O profesorado informará ao alumnado e ás familias desta adaptación da programación por algún destes medios: <ul style="list-style-type: none"><li>• Espazo Abalar</li><li>• Correo electrónico</li><li>• Lista de difusión de whatsapp</li><li>• Blog de aula</li><li>• Webex e/ou outros programas para realizar videochamadas</li><li>• Chamada telefónica</li><li>• Páxina web</li></ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro:  <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixalbo/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixalbo/</a>